


O ESPIGONCIÑO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS



O ESPIGONCIÑO



Ola a tod@s:

Somos os alumnos e alumnas de sexto de primaria, este ano tócanos a nós escribira editorial desta revista que se publica o Día das Letras Galegas. O homenaxeado este ano é Francisco Fernández del Riego. Era un intelectual e fundador da editorialGalaxia.

Neste colexio pasámolo moi ben. En primeiro fixemos unha obra de teatro (Lúa:compañía de Ópera) que representamos en tres lugares: no noso colexio, na casa da cultura e en Viveiro. Alí fixemos moitas toladas: Álex e Pablo apagando e premendo as luces, Lucas sacando a man en vez do teléfono, ou Manuel coméndose o cacao dos seus beizos.

Tamén queremos contarvos a nosa experiencia na excursión de fin de curso. Estivemos na casa Batlló, na Sagrada Familia, en Port Aventura, no parque Güelle no zoo de Barcelona. Tamén montamos no AVE, que alcanzou 300 quilómetros por hora. Fixemos moitos amigos no hotel de Salou. Pasámolo moi ben, foi unha experiencia inesquecible que volveríamos repetir.

Queremos agradecer a todos os profesores que nos axudaron a seguir adiante. Un bico e unha aperta para tod@s ;)



ÍNDICE

Os koalas arrasan o cole.....	4
As nosas familias veñen xogar con nós.....	7
Seguridade vial.....	14
Xogos populares no noso patio.....	18
Coñecendo a Castelao.....	19
Un Entroido moi responsable.....	29
Semana da prensa.....	31
Os ecosistemas e a acción polo clima.....	32
Día do Libro na clase de 6º de Primaria.....	34
60 anos celebrando as nosas letras.....	40
Poñemos nome de escritores/as ás nosas aulas....	42
Biblioteca <i>Lusco Fusco "A casa dos libros"</i>	45
O que Sophie Biong nos contou sobre Filipinas....	51
Pasatempos.....	54

OS FOAIAIS ARRASAN O COLLE

OS MENOS DE CAPITÁN, NADOS EN 2019, COMEZAN
A SÚA ANDALUZIA NO COLLE MANUEL FRAGA FRIBARVE

DESDE O INICIO DE 2022 AS PEQUENAS
COMEZAN O PERIODO DE ADAPTACIÓN

PARA COXER AS INSTALACIÓNS. ESTÁN
MÓIS ILUSIONADOS E QUEREN
APRENDER MOITAS COUSAS. AGORA O

PASO DO TEMPO DIVERTÍMONOS MOITO. QUEREN
SABER PORQUE POZAVE SABEMOS MOITAS

COUSAS: LETRAS, NÚMEROS, CARACTERAS DE AIRE, CLE, NET
COCIÑA. ⇒ COMENZAMOS DE INFAUTIL
ESPERAMOS SEGUIR TRABALHANDO E DIVERTÍMONOS NO RESTO
DO CAMINHO

OLVIDÁBASEIS O MÁIS IMPORTANTE, ADO NOS
PRESENMOS! SOMOS OS SUPER VOZAS!!





AS NOSAS FAMILIAS
 BÑE O A EN SINANS
 VIÑERON XOGAR A XOGOS
 A MOI DIBERTIDAS (LIA):



A IA
 PITA
 ARIA
 CARREIRAS
 C A N C A S

C A
 CEGA

D E S A C O S

T A
 CHAPA



A A I O
 Z P T T

L E S
 QUIETO

P A S E M I S I
 O O O A
 XOGOS DE MANS

P A S M S A (R U P M A N)

A MIÑA NAI XOGO
CON VOS A PLATA CA.
MIRA AS FOTOS (LEO)
CEGA



TATIANA ENGINOUNOS
 A ^{XOSAR} A ^{QUE} CAPATTO CIELO
 ES. E DIBERTIDO (MARTIN)



QUA NAI D RIIA FEO
 COA DE RUYMAN FIXEMOS
 CRA DE SAPPY
 CARREIRAS CO
 IA PF AM SE AID (NOEL)
 PROFE TAMÉN ANIMOU

A MAMA DE CARMEN
 ESPOUO O NOSO
 ENSINOUNOS
 DEMS A E A. I A I E A
 DE PASEMISI - PASEMISA H E A
 FOH (ALANA) QUE TIRAR
 FORTE



O LI O P A D D L F O
 CON JAVI PAPA
 SALTAMOS SIN PR. IT O A O
 A CHA A! (ALBA) XOGAMOS



O PAI DE ALANA
 AS CANICAS
 XOGON CON NOS



O CON BOIA, A NAI DE VERÓNICA

ALBA, AEDO A SOA APRENDIMOS A O AO (DAMIA) XOGAR PANO



DIA DUO
 CORINA XOGO CON NOS A DU
 OS A (EMMA)
 COAS MANS XOGOS
 IAD E F O AAO
 MIRA DE QUE BEN O PASAMOS.
 O E C F A O E F A A
 NON NECESITAMOS CASE NADA
 O E A D O A (CARMEN)
 SO GAÑAS DE XOGAR



A I A D L A O F O A F
 ANIMÁ DEVOS XOGAR NO PATIO
 O A F A O C L L N N
 DO COLE SOBRE TODO CANDO
 A A (CLAUDIA)
 CHOVE

MOITÍSIMAS GRACIAS FAMILIAS!!!!!!!!!!!!!!



SEGURIDAD

VIAL

OS DIAS 18, 19, 20

OS GARDAS DE TRÁFICO
VINIERON AO COLEXIO PARA
ENSINANOS MOITAS COUSAS
SOBRE A SEGURIDADE VIARIA

* APRENDEMOS:

- ⊙ A CRUZAR O PASO DE PEÓNIS
- ⊙ TEMOS QUE IR DA MAN DUN ADULTO
- ⊙ OBSERVAMOS QUE NON PASAN OS COCHES
- ⊙ COMPROBAMOS SE O SEMÁFORO

E VERDE OU VERMELLO

* PARA CRUZAR:

- PARAMOS

- MIRAMOS PARA UN LADO E PARA OUTRO POR SE VEREN COCHES

- CRUZAMOS DA MAN CAMIHANDO

* SEMÁFORO

- DÚAS PARTES: COCHES E PEÓNIS

- TEÑEN TRES CORES

- PARA PODER CRUZAR TEN QUE ESTAR VERMELLO PARA OS COCHES E VERDE PARA OS PEÓNIS.





A aula dos peixes

6º de E.I.

No colexio de Cariño seguen estando presentes os xogos populares nos seus patios

Galicia é un país rico en xogos populares algo que non esquece o alumnado do colexio de Cariño onde as súas alumnas e alumnos seguen a practicar algúns deses xogos no tempo de lecer. A continuación recordamos algún deles:

A mariola, o máis practicado entre os cativos, consiste en marcar uns cadros no chan, no que



en cada un se escribe un número. Posteriormente, lánzase un obxecto

(pedra, chapa...), para despois ir brincando a pata coxa por cada un dos recadros para facernos co obxecto de novo.

Os birlos, antigamente de madeira tiñan diferentes formas e o obxectivo é tombar o maior número de birlos posibles coa bóla en cada

lanzamento. Aínda que no centro xa non son de madeira como antigamente, séguese a lanzar a bóla contra birlos de outros materiais, sen perder a esencia do xogo.

Outro xoguete que podemos atopar nos patios é a buxaina ou trompo, que é un xoguete de madeira que baila sobre unha punta de metal impulsada por un cordel.


Tamén se xoga as chapas, por circuítos sinuosos debuxados no chan os pequenos xogadores van golpeando a chapa sen saírse da estrada para chegar a meta en primeiro lugar.

Os alumnos de primeiro coñeceron outros xogos como a chave, a porca, a zoadeira, a billarda ou as sete e media.



1ºA

COÑECENDO A CASTELAO



Dende o EDLG propuxéronnos unha actividade que consistía en identificar as nosas aulas e demas espazos do centro co nome dun/dunha autor/a homenaxeado/a no Día Letras Galegas. Nós eliximos a Castelao e levamos a cabo un proxecto de investigación sobre a súa figura. Cando empezamos a pescudar, unha das cousas que máis nos chamou a atención foi o seu nome completo:

ALFONSO DANIEL MANUEL RODRÍGUEZ CASTELAO

Coas nosas pescudas fomos afondando na súa vida e obra e descubrimos que Castelao non só foi un gran escritor, senón que foi un home polifacético: médico, escritor, debuxante e político.

BIOGRAFÍA

Castelao naceu en Rianxo o 30 de xaneiro de 1886. O pai de Castelao, que era mariñeiro e mariscador e cando a pesca escaseaba, moitos facían as maletas e emigraban. Seu pai emigrou á Arxentina e cando Castelao tiña 10 anos tamén marchou para alá coa súa nai. En 1900 toda a familia regresa a Galicia. Casou cunha moza da Estrada chamada Virxinia Pereira e tiveron un fillo, Alfonso Xesús. A vocación de Castelao foi sempre, e por riba de todo, Galicia e os galegos e galegas, coas súas dores e as súas esperanzas. Por motivos políticos estivo exiliado en Arxentina e alí morreu no ano 1950. Os seus restos atópanse no Panteón de Galegos Ilustres, en San Domingo de Bonaval (Santiago de Compostela).

CASTELAO ESCRITOR

As obras de Castelao están escritas case integramente en galego (agás algúns discursos e artigos). Estas caracterízanse polo carácter humano e a crítica ás inxustizas, utilizando sempre un humor sarcástico e esperpéntico:

"(...) co lápiz ou a pluma só quixen ser un intérprete fiel do meu pobo, das súas dores e das súas esperanzas. Debuxei sempre en galego; escribín sempre en galego; e se sacades o que hai de galego e de humano na miña obra non quedaría nada dela".

Algunhas das súas obras máis importantes son: "Cousas", "Sempre en Galiza", "Os vellos non deben namorarse", "Retrincos", "Un ollo de vidro", "Os dous de sempre", "Memorias dun esquelete", "As cruces de pedra na Bretaña", "Galicia mártir"...

Foi membro da Real Academia Galega dende o 1934 e no ano 1964 foi homenaxeado no Día das Letras Galegas.

CASTELAO PINTOR, DEBUXANTE E CARICATURISTA

Desde moi novo Castelao destacou como debuxante e caricaturista. A caricatura foi o seu medio de expresión máis eficaz e natural. Converteu a súa autocaricatura na súa seña de identidade: gafas, sombreiro e estatura.

O mesmo que nos seus escritos, nos seus debuxos e pinturas tamén podemos observar unha crítica á sociedade daquela época, representada por personaxes populares, labregos, mariñeiros, cegos e desamparados... todo isto marcado polo humor e a ironía.

As escenas de persoas cegas poden estar influenciadas posiblemente polos problemas de vista que tivo o autor e que o deixaron case cego.




CASTELAO MÉDICO

Estudou a carreira de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela entre 1903 e 1909. En 1910 especializouse en obstetricia e ao rematar instalouse en Rianxo. A medicina non era a súa vocación e abandonouna despois de exercela durante cinco anos na súa localidade natal. Por este motivo se lle atribúe a seguinte frase:

“Fixenme médico por amor a meu pai; non exerzo a profesión por amor á humanidade”.

Por todo isto, a medicina e a enfermidade son temáticas principais na súa obra.



CASTELAO POLÍTICO

Castelao está considerado un dos pais do nacionalismo galego. Participou na constitución do Partido Galeguista. Foi deputado nas Cortes da Segunda República e tras a Guerra Civil española (1936-1939) formou parte do goberno republicano no exilio. Defendeu un proxecto importante para a elaboración do Estatuto de Autonomía de Galicia.



Alumnos e alumnas de 3ºA 





COS NOSOS OLLOS E COS OLLOS DE CASTELAO

Unha das cousas que máis nos chamou a atención da vida de Castelao foron os seus debuxos.

Coa fin de coñecelo un pouco mellor decidimos facer unha actividade con algunhas das súas láminas. Para isto, cada un/unha de nós elixiu unha viñeta sen texto, analizouna e a continuación escribiu o que esta lle transmitía. Despois, lemos os textos orixinais escritos por Castelao que acompañaban a cada debuxo e comparamos.

Foi sorprendente ver como algunhas das nosas visións coincidían coas de Castelao!!!

-Tero fame.

-Non nos queda nin unha migade pan,
nin unha peseta.



-Imos tocar para animarles un pouco.



-Eu son Xan. Dáme un pouco de pan?

-Agora mesma pan teña tempo.



-Ola coello! Eu chámome Bartob, E ti?
 -Eu chamome Pepe, encantame comer, pero non teño nin pizca.
 -Pois eu teño na miña guarida un montón de comida.
 -Vale. Veña, imos! Guai!



-Podo xogar contigo?
 -No, eres pobre, no voy a jugar contigo.



-Fillho, toma toda a teu leite, porque é o único alimento que comerás neste día.
 -Si mi porque teño moita fame.



-Hoy me compré cinco joyas.
 -X'yo me compré 3 vestidos carísimos.
 -¡Ay! ¡Ay! pues a mi marido me compró un maquillaje carísimo.
 -Ya mí mi marido



- Pepe, imos xogar?
- Si, Lucas
- Xogamos ao ioio?
- Ja ja ja! Al yoyo?
- Si, que paga?
- El yoyo es de pobres.
- De pobres? Eu non sabia que o ioio era de pobres ou de ricos!
- Si, si. Si juegas al yoyo ya sabes lo que eres. Si juegas al yoyo ya sabes lo que eres. Si juegas al yoyo ya sabes lo que eres.
- Pobre! Betaron os seus com pañeiros.



- Mirade, o porco está buscando comida!
- Si, se lle damos un pouco?
- Vale.



- Irmá, come este pan.
- Pero ti non queres?
- Non grazas.
- Entón para min?
- Si, si adiante
- Mmm, que bo! Grazas



Non teño amigos.
Xa me estou cansando!!!





- Mirade! Merquei un loro. Gústavos?
 - Si, si é precioso. Oxalá que ese loro fora meu... Ti non o mereces...
 - Si, o mesmo digo...




- Está intentando
 saltar con manoa?




- Dois irmáns chegan ao campo de tiro.
 - Pedro quero ese coagueto!
 - Siñto, Xan, pero non podo gañalo aínda son moi pequenos e non podo tirar no campo de tiro.

Ola, chámame Xoana quero uns zapatos.
 - Vale, agora chostraio.
 - Grazas!






O loco :- Señores deputados, señores, di-putados!...



O MONO - Si queres seguir sendo home non imites a ningún...



Con estas asesinas e aínda se venden nos tendeiros.
 - Non son ferramentas; son armas que se venden para asesinar.



- Non venas á pedir máis á miña porta
 - É pois logo a vez cando vai voste á pedir á miña




- Si me tocase á min a lotería compraba pan...




- Fíxate neste exemplo: « á todo porco lle chega o seu San martiño »




- Meu pai e mail-o meu están a mal desde que foi isto das eleccións...
- ¿Porqué haberá eleccións?



Calquera lle pon bozal a un can; pero a un lobo...



- O can é o animal máis sanguinario.
- Por algo é o máis amigo do home.



~~Boeno... e logo como son os cauleiros de Madrid?~~
- Boeno... e logo como son os cauleiros de Madrid?
- Encarnados



- Toma iste café ¿si? meu meniño, que custa dous céas.



- Ese muchacho dicen que sabe muchísimo
- Si; pero tiene un acento tan gallego!..



Xa que non se pode falar, tocáremos.



- ¡Si a miña filla safoese un poquiño de francés e de piano!...
- Si ~~se~~ fose mais rica! digo eu

Esperemos
que vos
guste!!!

3ºA



- Eu son Xan, o que votou por vostede
- ¡Ah!... ¡Si! ¡Caramba! Si desea algo vuelva mañana.



UN ENTROIDO MOI RESPONSABLE

Os rapaces e rapazas de 4º de primaria estamos aprendendo moito sobre os obxectivos de desenvolto sostible, tema globalizador que envolve ao noso centro este curso. Nós tamén queremos contribuír ao plan para conseguir un futuro sostible para todos cara o ano 2030, como nos propón a ONU. Os desafíos globais aos que nos enfrontamos cada día e que están interrelacionados entre si son a pobreza, a desigualdade, o clima, a degradación ambiental, a prosperidade, a paz e a xustiza. Xa sabemos que para alcanzar as metas propostas todo o mundo ten que facer a súa parte e dentro dese conxunto estamos nós os rapaces e rapazas que desexamos un futuro donde non exista pobreza, o planeta estea protexido e aseguremos así a prosperidade para todos nós.

Dos 17 obxectivos de desenvolto sostible nós estamos aprendendo moito sobre o número 12 que pretende cambiar o modelo actual de produción e consumo para conseguir unha xestión eficiente de recurso naturais.

Con esta meta e tratando de enviar unha gran mensaxe á poboación elaboramos os nosos disfraces de entroido nos que escribimos a nosa mensaxe para conseguir mellorar a calidade de vida para todos e así intentar reducir os grandes impactos naturais, económicos e sociais futuros.



Coidamos a auga !

Facemos Uso responsable da comida!



Reciclamos!



Axudamos!












Aforramos enerxía!



SEMANA DA PRENSA

REDACTAMOS NOTICIAS

NEWS



5º PRIMARIA

OS ECOSISTEMAS E A ACCIÓN POLO CLIMA

13 ACCIÓN POLO CLIMA



Estudo dos distintos ecosistemas que existen na Terra e como lles está afectando o cambio climático.



Comezamos o traballo buscando información





Aos rapaces e rapazas de 6º de Primaria gústanos moito ler, e que mellor, para celebrar este día, que regalar un libro feito por nós ao alumnado de 6º de Primaria do cole de Ortigueira!

FASE 1

Na primeira fase, eliximos os personaxes, o espazo no que se desenvolverá a historia e a trama... isto foi o máis difícil! Logo, escribimos a historia e gardámola nun sobre xunto ao agasallo para a persoa destinataria. Case todos os agasallos foron manualidades feitas por nós: pulseiras, separadores, pegatinas...




A máquina do tempo

Autores: Daria e Ian



A cabana

Autora: Iria



Viaxe a través da bóla de cristal

Autores: Manuel e Pablo






Princesa egoísta

Autora: Aitana



Un soño feito realidade

Autores: Samara e Hugo



O anel dourado


Autoras: Daniela e Aroa





O boleto de tren

Autoras: Carmen e Ainhoa



O anano e o pozo dos desexos

Autores: Álex e Paula



O tesouro das sereas

Autores: Marcos e Lucas





A biblioteca cuns príncipes e princesas

Autores: Natalia e Álvaro



Excursión perigosa

Autores: Dmytro e Alba



A viaxe de Sirio

Autoras: Sara e Ainhoa






FASE FINAL

E chegou o día no que recibimos os libros e agasallos do alumnado de Ortigueira! Foron xeniais!



60 ANOS CELEBRANDO AS NOSAS LETRAS





Francisco Fernández del Riego naceu na localidade lucense de Vilanova de Lourenzá, o 7 de xaneiro de 1913. Era o primoxénito dos once fillos e fillas que tiveron Vicente e Amada. Puxéronlle os nomes de Francisco Jesús Benito Antonio.

Os estudos primarios e os primeiros cursos de bacharelato fíxoos en Lourenzá e rematou o bacharelato como interno no colexio da Nosa Señora da Antiga, de Monforte de Lemos (Lugo).

Aos dezasete anos marchou cos seus pais e irmáns a Madrid e matriculouse na facultade de Dereito. Cando voltou a Galicia rematou os estudos de Dereito e, despois da Guerra Civil, deu clases en dous colexios de Vigo, Labor e Mezquita, e traballou no bufete do seu amigo Valentín Paz Andrade.

Traballou arreo polo idioma e a cultura galega: foi membro do Seminario de Estudos Galegos, escribiu en moitos xornais e revistas, fundou a Editorial Galaxia, presidiu a Fundación Penzol, traballou na BBC, emisora inglesa, facendo programas en galego, foi membro e presidente durante catro anos da Real Academia Galega, recibiu as Medallas de Ouro de Galicia e a de Castelao.

Propuxo, con Xesús Ferro e Manuel Gómez, a creación do Día das Letras Galegas, para homenaxear ás persoas que defenderan a nosa cultura.







Propuxo, con Xesús Ferro e Manuel Gómez, a creación do Día das Letras Galegas, para homenaxear ás persoas que defenderan a nosa cultura.

Escribiu moitos libros: *Danzas populares galegas*, *Historia da literatura galega*, *Galicia no espello*, *O Camiño de Santiago*, *A pesca galega de mar a mar...*

Este ano 2023 a Real Academia Galega dedícalle o Día das Letras Galegas.

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO COLEXIO DE CARIÑO

AS NOSAS CLASES XA TEÑEN NOME DE ESCRITORES/AS GALEGOS/AS!




17 DE MAIO

AS NOSAS CLASES XA TEÑEN NOME DE ESCRITORES/AS GALEGOS/AS!



O ESPIGONCIÑO 2023

E OS DEMAIS ESPAZOS... TAMÉN!!!



LETRAS GALEGAS 2023

Bibliotecas
escolares
de Galicia



BIBLIOTECA

LUSCO FUSCO "A CASIÑA DOS LIBROS"

Actividades propostas polo equipo de biblioteca, realizadas polo alumnado do cole.



DÍA DAS BIBLIOTECAS

Neste día tan importante para as BIBLIOTECAS ESCOLARES os alumnos de Educación Infantil realizaron unha visita á Biblioteca municipal onde foron recibidos pola Bibliotecaria.



Ademáis este ano para celebrar o Día das Bibliotecas elegimos unhas [Xornadas de Xogos de Mesa](#) na nosa biblioteca: "[Luscofusco, A Casiña dos Libros](#)". Todos os niveis de EI e EP pasaron pola biblioteca a gozar de xogos de mesa.



MAGOSTO



DEREITOS DA INFANCIA



30 DE XANEIRO- DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E A PAZ



ENTROIDO 2023

Os nosos disfraces deste ano están relacionados coa temática dos ODS



DÍA DE ROSALÍA

O pasado 23 de febreiro celebramos outro ano máis o día de **Rosalía** na nosa biblioteca. Co lema "**CUMPRIUSEAXUSTIZA**" o alumnado traballou a poesía de Rosalía e elixiu versos e palabras onde se ve reflectido a temática do lema deste ano. Escribiron sobre lazos de cores que posteriormente foron colgados dunha árbores , para así encher o aire coas súas palabras. Grazas Rosalía por deixarnos un legado tan importante.



SEMANA DA PRENSA

Todos os niveis traballaron sobre unha mesma noticia e creamos titulares sobre ela. A noticia elixida foi sobre o noso atleta preferido, Adrián Ben Montenegro. Parabéns Adrián.



SEMANA DO LIBRO

Ruta dos contos
Queres que che conte un conto?



“O que **Sophie Biong** nos contou sobre o seu país, Filipinas”



Sophie Biong foi a nosa auxiliar durante este ano académico 22-23. Sophie é unha rapariga de Filipinas e con ela compartimos e gozamos as clases de plástica. Ademais de practicar o inglés, e traballar na clase de plástica, tamén nos axudou a coñecer o seu país e a súa cultura.

Foi un verdadeiro pracer, Sophie!! . Gracias. Isto vai por ti



- Filipinas é un arquipélago de 7641 illas.
- O país divídese en 3 grandes rexións: Luzón, Visayas e Mindanao
- Hai arredor de 81 provincias
- Filipinas ten 180 linguas


HISTORIA

Filipinas estivo

*333 anos baixo as regras españolas

*48 anos baixo o mandato dos americanos

*48 anos baixo a ocupación xaponesa.



- Filipinas é un dos países do mundo con máis produción de cocos.
- Mangostáns, papaías e plátanos tamén se atopan en Filipinas.
- A FRUTA NACIONAL DE FILIPINAS É O MANGO.



COMIDAS TÍPICAS:

SINIGANG NA BABOY

GINATAAM HIPON

INIHAW NA BABOY

MANGO SAGO

JEEPNEYS

Sophie díxonos que os jeepneys son un símbolo icónico do país, son buses coloridos sen aire acondicionado e utilizado polas xentes máis humildes de cidades como Manila, a capital de Filipinas. As súas orixes datan da 2ª Guerra Mundial, jeeps militares dos soldados estadounidenses.



COLOREA!!!

JOLLIBEE Jollibee é unha famosa cadea de comida rápida en Filipinas.



BALONCESTO EN FILIPINAS



E por último, contounos que os filipinos/as están obsesionados/as co baloncesto. Na foto vese a nenos xogando en medio dunha inundación. É o verdadeiro significado de "O BALONCESTO NUNCA PARA"

SECCIÓNS BILINGÜES

MABUHAY!!!=LARGA VIDA!!

PRAIAS



- Filipinas é coñecida por ter moitas praias preciosas.
- Hai alomenos 50 praias famosas nas Illas Filipinas.



PALAWAN



ZAMBOANGA



BOHOL



CEBU

DEPORTE NACIONAL: ARNIS



FLOR NACIONAL: SAMPAGUITA



ANIMAL NACIONAL: CARABAO



COMIDA NACIONAL: ADOBO



CASA NACIONAL: NIPA HUT



MONUMENTO NACIONAL: RIZAL M.



COLOREA O RETRATO DE RIZAL

JOSÉ RIZAL



José Rizal foi un intelectual multifacético e un activista político, mellor coñecido polos seus escritos políticos que inspiraron a revolución filipina e provocaron a súa execución por parte dos colonizadores españois.



Os alumnos/as de 2ºA necesitan resolver esta sopa de letras. Podes axudalos?

A praia

I	D	X	E	A	D	O	Y	V	M	E	Y	R	M
F	W	M	W	N	Y	U	M	D	T	A	U	F	K
O	C	R	E	M	A	S	O	L	A	R	B	F	U
F	T	M	C	A	N	G	R	E	X	O	Z	E	D
N	R	O	C	H	A	S	K	E	M	A	R	G	W
X	S	R	P	D	B	S	N	G	R	I	L	L	A
Y	I	H	M	D	C	A	A	U	B	A	R	C	O
C	S	O	L	K	S	O	M	B	R	I	L	L	A
R	W	T	O	A	L	L	A	P	F	S	J	E	A
J	J	F	T	I	L	C	Q	M	K	S	Y	M	R
L	N	Y	S	F	B	A	Ñ	A	D	O	R	F	Z
Y	Z	X	G	A	I	V	O	T	A	R	E	A	M
K	P	Y	Q	C	U	N	C	H	A	T	L	U	K
W	Z	V	T	M	M	S	E	C	Y	Y	H	Y	G

- | | |
|-------------|-----------|
| AREA | ILLA |
| BAÑADOR | MAR |
| BARCO | ROCHAS |
| CANGREXO | SOL |
| CREMA SOLAR | SOMBRILLA |
| CUNCHA | TOALLA |
| GAIVOTA | XEADO |





FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

LETRAS
GALEGAS


2023



As Letras
Galegas



2023



DÍA DAS LETRAS
GALEGAS





RUYMÁN

Ruymán 5º E.I



Subvencionado pola
Consellería de Educación e O.U.
Secretaría Xeral de Política lingüística